


## IMPORTANTE

Os últimos cambios realizados nas últimas versións dos dous principais navegadores (Firefox e Chrome) á hora de executar arquivos en local (vista previa) fai que  determinados contidos creados con Ardora poidan non ser vistos correctamente ao facer unha vista previa como os paquetes de actividades, espazos web e algunha páxina multimedia.

Isto non implica que os contidos non funcionen, de feito, se “colocamos” os arquivos nun servidor web veremos que funcionan sen problema algún, pero é moito máis cómodo realizar as probas e vistas previas necesarias no mesmo momento que se están creando e non ter, #ante calquera cambio no contido, que volver copiar todos os arquivos ao servidor. É por iso que se recomenda optar por unha destas dúas solucións:

### **SOLUCIÓN 1 – Instalar un servidor web no seu computador (en local).**

**A máis aconsellable e a máis cómoda** se vai crear un volume importante de contidos. Trátase de instalar un servidor web (Apache) no computador no que use Ardora. Desta forma terá unha visión exacta do mesmo que ocorrerá cando coloque o contido na internet (ou nunha intranet).


Existen varias formas de instalar este software no noso computador, na web de axuda de Ardora, [www.webardora.net](http://www.webardora.net), apartado de axuda, no apartado 3 “ Como? Existe un manual “**2.- Instalar un servidor web en local**” no que se detalla “paso a paso” este proceso. Non se deixe impresionar pola terminoloxía, o proceso é tan sinxelo como instalar un programa e indicar a Ardora a localización dun determinado cartafol no seu computador (explícase en detalle no citado manual).

### **SOLUCIÓN 2 – Modificar determinados parámetros no navegador.**

Segundo o navegador que use como “ predeterminado” realice as seguintes accións:

## Firefox:

1.- Na barra de direccións do navegador escriba “**about: config**” (sen as comiñas); aparecerá unha advertencia informándolle que os cambios que realice aquí poden afectar o rendemento, estabilidade e/ou seguridade, nós só imos modificar un parámetro polo que pulsamos en “**Acepto o risco!**”



2.- Na parte superior, en “**buscar**”, para que nos sexa máis fácil atopar o parámetro escribimos “**strict\_**” (sen as comiñas) verá que entre os parámetros que aparecen agora na lista hai un denominado “**security.fileuri.strict\_origin\_policy**”, faga dobre clic sobre o para cambiar o seu valor de “**true**” a “**false**”. Con isto paquetes de actividades, espazos web e páxinas multimedia xa deberían de poder visionarse correctamente. Se quere deixar o seu navegador cos valores predeterminados non ten máis que repetir o proceso para deixar este parámetro con valor “**true**”.

Nombre de la preferencia	Estado	Tipo	Valor
network.http.enforce-framing.strict_chunked_encoding	predeterminado	sí/no	true
privacy.annotate_channels.strict_list.enabled	predeterminado	sí/no	false
privacy.firstparty.isolate.restrict_opener_access	predeterminado	sí/no	true
<b>security.fileuri.strict_origin_policy</b>	predeterminado	sí/no	true
security.strict_security_checks.enabled	predeterminado	sí/no	false

**Chrome:**

Aínda que hai varias formas quizais o máis sinxelo sexa seguir estes pasos:

1.- Cre un acceso directo a Chrome no seu escritorio.

2.- Faga clic co botón dereito do rato sobre ese acceso directo e elixa “propiedades”.

3.- Na xanela que aparece, engada “**--allow-file-access-from-files**” (sen as comiñas) despois da ruta que aparece en “destino”. Neste campo aparecerá algo parecido a: *"C:\Program Files (x86)\Google\Chrome\Application\chrome.exe" --allow-file-access-from-files* (neste caso se deben de estar as comiñas). Pulse en aceptar.

4.- Reinicie o computador.

5.- Antes de abrir Ardora execute Chrome desde este acceso directo e non peche o navegador mentres estea a realizar “vistas previas”.

